O desenvolvemento psicomotor do bebé

18 de Novembro de 2022

Tempo estimado de lectura: 4 min 15 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Sorrir por primeira vez, coller obxectos, dicir "adeus" coa man, gatear ou dar os primeiros pasos son indicadores do desenvolvemento psicomotor do bebé.

Cando falamos de **desenvolvemento psicomotor**, referímonos á adquisición progresiva e aprendizaxe de habilidades que corresponden coa maduración das estruturas do **sistema nervioso**, xa desde a etapa **embrionaria e fetal.**

Aínda que o **desenvolvemento psicomotor** é diferente en cada persoa, presenta un **rango de idade similar** no que a maioría adquire ditas destrezas. Este proceso depende do **ambiente** no que o neno ou nena crece, do seu **potencial xenético** e do seu **carácter.**

É fundamental un **seguimento pediátrico** en cada revisión para avaliar os chamados **"indicadores do desenvolvemento"** (idade de aparición das diferentes destrezas adquiridas progresivamente), como **sorrir por primeira vez, coller obxectos, dicir "adeus" coa man, gatear ou dar os primeiros pasos**. Os bebés alcanzan estes indicadores a través do **xogo, a aprendizaxe e a interacción**. Se se detecta un **atraso fóra do rango de normalidade**, o equipo de pediatría avaliará a posibilidade dun problema e realizará probas adicionais para confirmar ou descartar unha sospeita diagnóstica.

Hai que lembrar que **cada neno segue o seu propio ritmo**. O feito de non seguir exactamente os mesmos pasos que outras persoas coñecidas ou irmáns non significa necesariamente que exista un problema real.

Media e marxe de normalidade para algúns logros e destrezas do bebé

- **Sorrí**:
    - Media idade: 4 - 6 meses
    - Marxe normalidade: 1 - 8 semanas
- **Mantén a cabeza**:
    - Media idade: 3 meses
    - Marxe normalidade: 2 - 4 meses
- **Acerca/colle obxetos**:
    - Media idade: 5 meses
    - Marxe normalidade: 4 meses
- **Senta**:
    - Media idade: 6 - 7 meses
    - Marxe normalidade: 4 - 9 meses
- **Anda sen axuda**:
    - Media idade: 13 meses
    - Marxe normalidade: 8 -18 meses
- **Di palabras con sentido**:
    - Media idade: 12 meses
    - Marxe normalidade: 8 - 24 meses
- **Di frases**:
    - Media idade: 21 -24 meses
    - Marxe normalidade: 10 - 36 meses
- **Bebe da cunca sen axuda**:
    - Media idade: 15 meses
    - Marxe normalidade: 9 - 21 meses

- **Vístese sen axuda**:
    - Media idade: 3 - 4 anos
    - Marxe normalidade: 33 - 72 meses
- **Controla esfínteres durante o día**:
    - Media idade: 2 anos
    - Marxe normalidade: 16 - 48 meses
- **Controla esfínteres durante a noite**:
    - Media idade: 3 anos
    - Marxe normalidade: 18 -72 meses

